

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONOMICO DERIVADAS DA CONTRATACIÓN DO PLAN (AGADER 2024-26): ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL NA PARROQUIA DE TEIXEIRO.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 4/2025, por un importe total de 1.427,81 €, dentro do vixente orzamento do exercicio 2025, prorrogado do exercicio 2024, para dar cobertura ás obrigas derivadas do “PLAN AGADER:ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL NA PARROQUIA DE TEIXEIRO”

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 275/2025, do 26.02.2025 así como o RCMOD Ref.: 9377/2025 por importe 1.427,81 €

Considerando que nos atopamos en situación de orzamento prorrogado que non recolle créditos para actuacións de investimento, que neste caso se atopan financiadas con recursos alleos, e que corresponde a aplicacións da mesma área de gasto, e co mesmo responsable da área xestora, polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación 1.427,81 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIA S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P</u>	<u>IMPORTE €</u>
45910.21000	1.427,81 €	45910.60900	25XX00031	1.427,81 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	1.427,81 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		1.427,81 €

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac3379154776811249679.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 4/2025 AGADER-CONTROL DE CALIDADE

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.